



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 20 DE XANEIRO DE 2026

EXPEDIENTE: 2026/G007/000002

Considerando que a celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local se ten visto alterada durante o mes de decembro e o que vai deste mes de xaneiro debido ás vacacións regulamentarias dos empregados públicos do concello.

Considerando que a vindeira sesión ordinaria debe/debía celebrarse o vindeiro venres, 23 de xaneiro, se ben é previsible, pola ausencia do termo municipal dalgúns membros deste órgano colexiado, que non exista *quorum* para a súa válida constitución/celebración.

Visto, ademais, que se ten ultimado a tramitación do expediente que se dirá a continuación e considerando que é conveniente non demorar a adopción do correspondente acordo, é polo que de conformidade co establecido no art. 46.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, no art. 113 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e o acordo plenario de data 13 de xullo de 2023, así como, a Resolución desta Alcaldía 426/2023, de data 17 de xullo de 2023,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que terá lugar na Casa do Concello (Alcaldía), o vindeiro día **20 de xaneiro de 2026 (martes) ás 13:15 horas**, coa seguinte orde do día:

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria, expte. 2025/G007/000028, de data 15 de decembro 2025.

2º.- Aceptación de cesións e declaración de *innecesariedade* de licenza de división/segregación de terreos/fincas en relación aos terreos precisos para a execución das obras ás que se refire o proxecto denominado “ENSANCHAMIENTO Y MEJORA DE LA CARRETERA DESDE BRIÓN A O CASTRO”.

Segundo. Notificar a presente resolución, con indicación dos recursos que proceda, aos Sres./Sras. concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local e proceder a súa publicación no taboleiro de anuncios do concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).